



Son Trío lanza o novo álbum **Miña almiña** con música orixinal e letra de Rosalía de Castro, que sorprende coa súa profundidade e emociona ao público.

A súa música é intimista e contemporánea, e viaxa entre estilos dende o clásico até o jazz facendo soar os poemas do século XIX como se fosen escritos hoxe.

Son Trío está composto por tres músicas: **Katerina Linke** (piano e composición), **Su Garrido Pombo** (voz) e **Susanna Blanco** (cello). Os seus estudos e influencias pasaron pola música clásica, jazz, folk, cantautor, bossa... e contan con varios premios como grupo (Fundación Celso Emilio Ferreiro, Musicando a Rosalía, finalistas dos Premios Martín Códax da música, etc.) e tamén individualmente.

Na xira de presentación do disco **Miña almiña 2020** están a ofrecer un repertorio no que interpretan 9 cancións orixinais sobre a letra do poemario de Rosalía de Castro Follas novas, complementándoo con cancións doutros poetas galegos e versións de cancións populares.